

Recorta e plastifica ou, no caso de que non poidades plastificar, podedes pegar as tarxetas en cartulina ou cartón para que sexan máis resistentes. Despois haberá que volver a recortar as tarxetas para que queden como unha baralla de cartas .Para xogar, unha




vez teñamos preparadas as tarxetas, podemos xogar de diferentes maneiras.

Podemos xogar a facer parellas cós monstrúos iguais e as tarxetas boca arriba. Gaña quén faga máis parellas antes. Despois contaremos o número de



parellas que ten cada xogador e tamén o número de cartas. Fixámonos en que cada parella contén dúas cartas iguais.

Outra forma de xogar e repartir a cada xogador tres monstrúos distintos. Un encargado, vai sacando máis ou menos rápido, monstrúos do montón principal



que estará boca abaixo. Gañará o xogador que emparelle os seus monstrúos antes.

Outra forma de xogar será colocar tres parellas de monstrúos de forma desordenada sobre a mesa cás cartas boca abaixo. Por turnos, cada xogador irálle



dando a volta a dúas cartas de cada vez, intentado memorizar onde está escondido cada monstrúo. Gaña quén consiga facer máis parellas. Para aumentar o nivel de dificultade poderase ir aumentando o número de parellas de monstrúos boca abaixo. É importante que as cartas sempre estén colocadas



boca abaixo no mesmo lugar físico e na mesma posición do principio.

Canto máis semellantes sexan os montruós (pola cor, por exemplo) maior dificultade terá o xogo; así como tamén cantas máis cartas poñamos.



Espero que vos guste e o pasedes moi ben. Boa sorte!!!







